PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **ITALIANO APLICADO II**

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

(En base aos posibles escenarios que puideran darse debidos á situación actual e á evolución da pandemia do COVID 19, preséntanse tres posibilidades para afrontar esta disciplina: Presencial, Semipresencial e Non presencial, indicándose na programación nos apartados aos que lle afecta).

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: ITALIANO APLICADO II										
ESPECIALIDADE	Interpretación								ITINERARIO	CANTO
CARÁCTER	Obrigatoria								TIPO DE CLASE	COLECTIVA
DEPARTAMENTO	CANTO								XEFE DE DPTO.	Mª Teresa Bárbara Criado
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Aida Cruz Estévez
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 hora
ECTS/CUAD.		1,5							Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS								EMAIL/TEL/WEB	TITORÍA
	Aida Cruz Estévez								aidacruz@edu.xunta.gal	Martes de 15:00 a 16:00

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo da lingua italiana nos seus aspectos prosódico, fonolóxico e fonético. Adquisición dos coñecementos gramaticais básicos que permitan a comprensión do idioma. Autonomía no estudo das obras en lingua estranxeira, e conciencia sobre a importancia, riqueza e valor do coñecemento dunha lingua estranxeira utilizada na música clásica e romántica.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os implícitos na proba de acceso
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Tanto o Italiano como o resto dos Idiomas presentes nos estudos da titulación están obviamente, en relación íntima e directa coas disciplinas que versan sobre todo o repertorio lírico (Repertorio Lied, Oratorio, Ópera, etc). A disciplina Italiano Aplicado debe capacitar ao alumnado para coñecer, comprender e utilizar axeitadamente a lingua italiana nos textos do repertorio, sendo quen de comunicar as ideas poético-musicais co mellor sentido prosódico e expresivo, así como unha correcta articulación e dicción.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X8, X11, X24, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI5, EI6
**Ver a listaxe e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro*	

3. OBXECTIVOS
Non se considera necesario realizar distincións nos obxectivos, segundo aos diferentes tipo de ensinanzas que se puideran abarcar (Presencial, Mixta, e Non presencial) debido á versatilidade e adaptabilidade dos obxectivos, que deberán ser abarcados na súa totalidade independentemente do tipo das diferentes modalidades.

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Pronunciar perfectamente os textos cantados en italiano.	T2, T6, T13, X8, X11, X24, X25, EI1, EI2, EI5.
Coñecer os aspectos prosódicos, fonolóxicos e fonéticos propios da lingua italiana.	T1, T2, T6, T13, X8, X11, X24, X25, EI1, EI2, EI5.
Coñecer a música vocal en lingua italiana e poder comprender o sentido expresivo dos seus textos, a través da análise dos seus textos poéticos e dramáticos.	T1, T2, T4, T6, T13, X8, X11, X24, X25, EI2, EI6.
Profundar nos coñecementos gramaticais que permitan comprender a estrutura do idioma.	T1, T2, T4, T6, T13, X8, X11, X24, X25, EI2, EI6.
Desenvolver os recursos vocais que lle permitan aplicar os coñecementos de fonética e prosodia particulares da lingua italiana.	T1, T2, T6, T13, X8, X11, X24, X25, EI1, EI2, EI5.

4. CONTIDOS

Dado que non é posible plasmar todos os posibles escenarios que en tempo e forma se puideran presentar durante o curso académico, cada situación e caso individual analizarase de forma concreta, adaptándose ao contexto e realidade de cada alumno, buscando o xeito mais doado para as circunstancias individuais do alumnado, dependendo asemade dos medios do que dispón. Así pois, abarcarase todos os contidos da disciplina pero adaptando o medio en como levalos a cabo, mediante as aplicacións dispoñibles na aula virtual, contacto telefónico, envío de traballos, vídeos...

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1-Fonética do Italiano.	- Fonética e fonoloxía do Italiano aplicadas ao Canto. -Transcrición segundo o I.P.A. -Aplicación das particularidades lingüísticas e fonéticas das obras do repertorio.	4
2-Articulación e Dicción do Italiano.	-Articulación dos fonemas. Práctica da lectura. -Pronunciación perfecta dos textos cantados. - Articulación correcta no Canto e Dicción expresiva.	4
3- Comprensión do idioma.	-Conceptos gramaticais básicos do Italiano. - Tradución, análise e comprensión total de diferentes textos poéticos e dramáticos presentes no repertorio lírico.	2
4- Repertorio italiano.	- Coñecemento do repertorio específico en lingua italiana. - Análise dos textos. Autores. -Tradución do texto e comprensión aplicada ao carácter das Cancións de Cámara ou arias do repertorio individual a interpretar.	3
5- Metodoloxía de traballo autónomo	-Actividades para o estudo individual do alumno/a (e posterior corrección na aula): -Transcricións Fonéticas de todas as obras do repertorio do/a alumno/a en Italiano. -Lectura fluída e memorización dos textos cantados. -Tradución exacta do texto cantado.	3
*Os contidos refléxanse temporalizados cun número de sesións, aínda que, polo seu carácter trasversal, na práctica serán traballados ao longo de tódalas sesións. TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA
(PRESENCIAL)

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases Prácticas (Exposición teórico-práctica, para introducir os aspectos teóricos e estilísticos aplicables no repertorio a estudar)	14	0	14
Titorías (atención particular aos alumnos/as)	0	1	1
Audicións (Interpretación en audición pública do repertorio traballado durante as clases)	2	2	4
Traballo Persoal (Tempo de estudo individual do alumno)	0	26	26
		TOTAL HORAS:	45

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA
(SEMI PRESENCIAL)

A metodoloxía e planificación docente Semipresencial adaptarase de forma flexible e individualizada dependendo de cada unha das posibles situacións (confinamento de alumnado por enfermidade, por contacto directo con persoas contaxiadas, confinamento de alumnado e profesorado...), adecuando a cantidade de horas que non poidan darse de xeito presencial. Utilizaranse os medios telemáticos, plataformas educativas, Aula virtual do centro, videochamadas, e todos os medios que se consideren oportunos para garantir a atención do alumnado e a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe de xeito Semipresencial.

Asemade, no caso de ausencia de profesorado por mor de necesidade de confinamento ao ter sido contacto dalgunha persoa con proba positiva no Covid, habilitarase o xeito de que o alumnado poida asistir ás clases desde a aula destinada a tal fin, nos termos e condicións que o centro teña a determinar.

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases Prácticas (Exposición teórico-práctica, para introducir os aspectos teóricos e estilísticos aplicables no repertorio a estudar)	12	2	14
Titorías (atención particular aos alumnos/as)	0	1	1
Audicións (Interpretación en audición pública do repertorio traballado durante as clases)	2	2	4
Traballo Persoal (Tempo de estudo individual do alumno)	0	26	26
		TOTAL HORAS:	45

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA
(NON PRESENCIAL)

Utilizaranse os medios telemáticos, plataformas educativas, Aula virtual do centro, videochamadas, e todos os medios que se consideren oportunos para garantir a atención do alumnado e a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe de xeito Non presencial.

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases Prácticas (Exposición teórico-práctica, para introducir os aspectos teóricos e estilísticos aplicables no repertorio a estudar)		14	14
Titorías (atención particular aos alumnos/as)		1	1
Audicións (Interpretación en audición pública do repertorio traballado durante as clases)		4	4
Traballo Persoal (Tempo de estudo individual do alumno)		30	30
		TOTAL HORAS:	45

6. AVALIACIÓN
(PRESENCIAL)

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN

6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA

6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)

-Exame final escrito.	1) Demostrar o coñecemento dos aspectos fonolóxicos e fonéticos propios da lingua italiana mediante a transcripción fonética.*.** *cada erro na transcripción fonética resta 0,5 da nota final	Todas	15%
	2) Utilizar a pronunciación correcta na lectura dun texto italiano, a través dunha axeitada articulación.**		15%
	3) Amosar comprensión dos textos do repertorio en lingua italiana.**		15%
	4) Demostrar o dominio da fonética do idioma, a través da perfecta pronunciación dos textos cantados en italiano.** 5) Ser quen de interpretar este repertorio con naturalidade e sentido expresivo.**		15%
****Para aprobar o exame hai que aprobar todas e cada unha das 4 partes das que consta, no caso de suspender unha parte do exame, gardarase a nota das partes aprobadas e só se fará a parte correspondente no proba extraordinaria de xullo.**			
-Seguimento do rendemento do alumno (Caderno do Profesor)	1) Asistir ás clases con regularidade e puntualidade. 2) Amosar unha actitude positiva e interese pola disciplina. 3) Demostrar capacidade de resposta na asimilación dos diferentes conceptos fonéticos e gramaticais que se traballarán nas sucesivas clases. 4) Realizar eficaz e puntualmente os traballos individuais de transcrición fonética e tradución do texto de cada canción ou aria a interpretar.	Todas	40%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
-Exame final escrito.	1) Demostrar o coñecemento dos aspectos fonolóxicos e fonéticos propios da lingua italiana mediante a transcripción fonética.*.** *cada erro na transcripción fonética resta 0,5 da nota final	Todas	15%
	2) Utilizar a pronunciación correcta na lectura dun texto italiano, a través dunha axeitada articulación.**		15%
	3) Amosar comprensión dos textos do repertorio en lingua italiana.**		15%
	4) Demostrar o dominio da fonética do idioma, a través da perfecta pronunciación dos textos cantados en italiano.** 5) Ser quen de interpretar este repertorio con naturalidade e sentido expresivo.**		15%
****Para aprobar o exame hai que aprobar todas e cada unha das 4 partes das que consta, no caso de suspender unha parte do exame, gardarase a nota das partes aprobadas e só se fará a parte correspondente no proba extraordinaria de xullo.**			
-Realización dun traballo relacionado coa materia.	*4) Presentar os traballos individuais de transcrición fonética e tradución do texto de cada canción ou aria do repertorio individual.	Todas	40%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) **(Alumnos que superen as 4 faltas por Cuadrimestre, segundo o Protocolo aprobado polo Consello Escolar)*			
-Exame final escrito.	1) Demostrar o coñecemento dos aspectos fonolóxicos e fonéticos propios da lingua italiana mediante a transcripción fonética.*.** *cada erro na transcripción fonética resta 0,5 da nota final	Todas	25%

	2) Utilizar a pronunciación correcta na lectura dun texto italiano, a través dunha axeitada articulación.**		25%
	3) Amosar comprensión dos textos do repertorio en lingua italiana.**		25%
	4) Demostrar o dominio da fonética do idioma, a través da perfecta pronunciación dos textos cantados en italiano.** 5) Ser quen de interpretar este repertorio con naturalidade e sentido expresivo.**		25%
****Para aprobar o exame hai que aprobar todas e cada unha das 4 partes das que consta, no caso de suspender unha parte do exame, gardarase a nota das partes aprobadas e só se fará a parte correspondente no proba extraordinaria de xullo.**			
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
-Exame final escrito.	1) Demostrar o coñecemento dos aspectos fonolóxicos e fonéticos propios da lingua italiana mediante a transcripción fonética.*.** *cada erro na transcripción fonética resta 0,5 da nota final	Todas	25%
	2) Utilizar a pronunciación correcta na lectura dun texto italiano, a través dunha axeitada articulación.**		25%
	3) Amosar comprensión dos textos do repertorio en lingua italiana.**		25%
	4) Demostrar o dominio da fonética do idioma, a través da perfecta pronunciación dos textos cantados en italiano.** 5) Ser quen de interpretar este repertorio con naturalidade e sentido expresivo.**		25%
****Para aprobar o exame hai que aprobar todas e cada unha das 4 partes das que consta, no caso de suspender unha parte do exame, gardarase a nota das partes aprobadas e só se fará a parte correspondente no proba extraordinaria de xullo.**			

Para a poder optar á Matrícula de Honra, o alumnado deberá obter cunha cualificación de sobresaínte na disciplina. O/a profesor/a da do/a alumno/a comunicará ao departamento ao do final da semana dos exames. Os/as alumnos/as deberán realizar unha proba deseñada polo departamento a tal fin, cunha convocatoria específica para o mesmo, e que non excederá na súa totalidade dos 30 minutos de duración.

6. AVALIACIÓN
(SEMI PRESENCIAL)

A avaliación, ao igual que na ensinanza presencial, será xusta e obxectiva, utilizando ferramentas de avaliación adaptadas as diferentes circunstancias ou escenarios que poidan darse; así pois, empregaranse os medios telemáticos necesarios, a través da aula virtual, e incluso, de ser preciso, cambiando as audicións por gravacións enviadas polo alumnado, ou mediante utilización en directo a través de plataformas virtuais; todo isto, adaptado ás circunstancias particulares de cada alumno/a e aos medios do que dispón.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
-Exame final escrito.	1) Demostrar o coñecemento dos aspectos fonolóxicos e fonéticos propios da lingua italiana mediante a transcripción fonética.*.** *cada erro na transcripción fonética resta 0,5 da nota final	Todas	15%

	2) Utilizar a pronunciación correcta na lectura dun texto italiano, a través dunha axeitada articulación.**		15%
	3) Amosar comprensión dos textos do repertorio en lingua italiana.**		15%
	4) Demostrar o dominio da fonética do idioma, a través da perfecta pronunciación dos textos cantados en italiano.** 5) Ser quen de interpretar este repertorio con naturalidade e sentido expresivo.**		15%
****Para aprobar o exame hai que aprobar todas e cada unha das 4 partes das que consta, no caso de suspender unha parte do exame, gardarase a nota das partes aprobadas e só se fará a parte correspondente no proba extraordinaria de xullo.**			
-Seguimento do rendemento do alumno (Caderno do Profesor e/ou Aula virtual)	1) Asistir ás clases con regularidade e puntualidade. 2) Amosar unha actitude positiva e interese pola disciplina. 3) Demostrar capacidade de resposta na asimilación dos diferentes conceptos fonéticos e gramaticais que se traballarán nas sucesivas clases. 4) Realizar eficaz e puntualmente os traballos individuais de transcrición fonética e tradución do texto de cada canción ou aria a interpretar.	Todas	40%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
-Realización dun traballo relacionado coa materia.	1) Demostrar o coñecemento dos aspectos fonolóxicos e fonéticos propios da lingua italiana. 2) Utilizar a pronunciación correcta na lectura dun texto italiano, a través dunha axeitada articulación. 3) Amosar comprensión dos textos do repertorio en lingua italiana. *4) Presentar os traballos individuais de transcrición fonética e tradución do texto de cada canción ou aria do repertorio individual.	Todas	100%

6. AVALIACIÓN
(NON PRESENCIAL)

A avaliación, ao igual que na ensinanza presencial, será xusta e obxectiva, utilizando ferramentas de avaliación adaptadas ás clases non presenciais, mediante telemáticos, Aula virtual, e gravacións e/ou traballos enviados polo alumnado; todo isto, adaptado ás circunstancias particulares de cada alumno/a e aos medios do que dispón.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA 6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
-Seguimento do rendemento do alumno (Mediante a Aula virtual)	1) Asistir ás clases con regularidade e puntualidade. 2) Amosar unha actitude positiva e interese pola disciplina. 3) Demostrar capacidade de resposta na asimilación dos diferentes conceptos fonéticos e gramaticais que se traballarán nas sucesivas clases. 4) Realizar eficaz e puntualmente os traballos individuais de transcrición fonética e tradución do texto de cada canción ou aria a interpretar.	Todas	80%

-Audicións, exames na aula virtual ou entrega de gravacións	1) Demostrar o dominio da fonética do idioma, a través da perfecta pronunciación dos textos cantados en italiano. 2) Ser quen de interpretar este repertorio con naturalidade e sentido expresivo.	Todas	20%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
-Realización dun traballo relacionado coa materia.	1) Demostrar o coñecemento dos aspectos fonolóxicos e fonéticos propios da lingua italiana. 2) Utilizar a pronunciación correcta na lectura dun texto italiano, a través dunha axeitada articulación. 3) Amosar comprensión dos textos do repertorio en lingua italiana. *4) Presentar os traballos individuais de transcrición fonética e tradución do texto de cada canción ou aria do repertorio individual.	Todas	100%

7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS	
BIBLIOGRAFÍA	-Adams, D.: "A Handbook of Diction for Singers. Italian, German, French." Oxford University Press. New York. 2008. -Colomi, E.: *Singer's Italian: A Manual of Diction and Phonetics*. Cengage Learning. Boston. 1995. -Diccionario Bilingüe Italiano-Español -Diccionario Fonético de Italiano. -Libretos bilingües de óperas.
MATERIAIS	-Obras de Mozart, Händel, Scarlatti, Vivaldi, Rossini, Bellini, Donizetti, Puccini, Verdi, …
LINKS	-Partituras de Música de dominio público: www.imslp.org, onde se pode atopar diversos materiais de obras en formato pdf. -Catálogo de obras: www.sheetmusicarchive.net con partituras en pdf -Textos usados en composicións de cancións e arias(páxina en inglés) http://www.recmusic.org/lieder -Páxina coas traducións ao castelán das óperas máis importantes da historia da música: www.kareol.es/, así *como outros interesantes Links.*